

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032650	EPAPU de Teixeira	Curtis	2025/2026	En elaboración

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2025/2026
Curso fin	2025/2026
Data de actualización	03/03/26
Data aprobación consello	17/10/25
Data aprobación claustro	17/10/25

2. Introducción

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O EPAPU de Teixeira está situado no interior do Centro Penitenciario de Teixeira no lugar de Paradela preto da estrada que une a Autovía do Noroeste ca cidade de Santiago de Compostela, no Concello de Curtis.

O edificio que alberga o EPAPU denomínase Módulo Sociocultural-Polideportivo do Centro Penitenciario. Dentro deste edificio lévanse a cabo outras actividades como cursos de formación para funcionarios de II.PP, as actividades propias do coordinador de formación do Centro Penitenciario, etc. contén tamén a capela, o salón de actos e os departamentos deportivos do cárcere.

Tamén, se atende a todos aqueles alumnos clasificados no 1º Grado Penitenciario que pola súa normativa penitenciaria non poden acudir ás clases regradas e o soliciten mediante instancia. A atención é voluntaria por parte dos docentes.

Trátase dun centro que, dadas as especiais circunstancias do alumnado, ten como principal dificultade, a diversidade de procedencia do alumnado, así como a propia mobilidade e incorporación continua de novos alumnos/as ás aulas. O noso alumnado procede de case todas as Comunidades Autónomas do Estado e tamén dunhas 25 nacionalidades diferentes do mundo.

A realidade social do EPAPU de Teixeira dista moito de ser parella á de calquera centro de educación primaria, secundaria ou mesmo á doutros centros de adultos. A nosa realidade é a de “intramuros”, o cárcere, a priori, nós non contamos con realidades familiares directas, os nosos alumnos non teñen contacto cunha realidade social exterior, agás os funcionarios de prisións e persoal que traballa no centro e o profesorado da escola.

Espérase que o Plan Dixital do Centro contribua pouco a pouco a promover un cambio na práctica educativa e formativa do centro, consistente nunha utilización efectiva e eficiente dos recursos dispoñibles mediante a súa integración na metodoloxía empregada, promovendo e facilitando a adquisición das necesarias competencias dixitais polos seus usuarios naturais, alumnado e profesorado.

Ó longo do curso 2025-2026, conforme a implantación do LOMLOE vaise convertindo nunha realidade, compre afondar no desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e do alumnado, ó tempo que se vai creando una eficiente estrutura tecnolóxica que permita aproveitar os novos recursos postos a disposición polos investimentos tecnolóxicos efectuados.

Tamén organizarase a oferta formativa do profesorado e alumnado en canto á dixitalización en función das súas necesidades e dos obxectivos establecidos, un dos cales debe ser facer efectivo a posta en marcha da Aula Virtual.

1.2. Marco lexislativo

Neste curso académico 2025-2026 atenderemos este marco lexislativo:

ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

Decreto Educ. Primaria Galicia: DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto/Orde Educ. Infantil Galicia: ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

En desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, publicouse o Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria. Na súa disposición adicional terceira estipula que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades e establece a estrutura desta etapa. Recolle, así mesmo, que o currículo destas ensinanzas será establecido polas administracións educativas.

En consecuencia, publicouse o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa disposición adicional cuarta, dedicada á educación para persoas adultas, organiza a estrutura desta etapa e recolle que a consellería con competencias en materia de educación establecerá o seu currículo conforme aos aspectos básicos recollidos no anexo II do citado decreto. Dito currículo queda establecido na ORDE do 2 de outubro de 2024 pola que se regula a educación básica para persoas adultas e establécese o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A análise dos datos obtidos no SELFIE e no TCDD foron tratados e analizados para elaborar o informe DAFO. Trátase dunha táboa onde se perfilan as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades que nos levarán á posterior reflexión e elaboración das directrices sobre as que se baseará o Plan Dixital.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso ás tecnoloxías de apoio. H1 No noso centro o alumnado non aprende a actuar con seguridade em internet. H3 No noso centro o alumnado non aprende a actuar de forma responsable en internet. H4 No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. H6 No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet H7 No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos Dixitais. H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais. H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar. H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais. FNAME Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais e a unha conexión estable de internet.	Alumnado	Si
Debilidade	C3 O noso centro non ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise. C10 No noso centro non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen. C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos. -Infrautilización dos escasos recursos que existen nas aulas.	Infraestruturas	Si
Debilidade	A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital. B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. - Aumento de factores que perxudican a participación no ámbito educativo.	Organización de centro	Si
Debilidade	E3 Falta de utilización de ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos. E4 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro Educativo. F5 Non emprego as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. F6 Non fomento a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. G5 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe G6 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros. -Priorizar ensinanzas por contidos. -A maioría do profesorado que participou no test CDD está no nivel A2, explorador, por debaixo da media de Galicia.	Persoal docente	Si
Fortaleza	- Diversidade do alumnado - Escasa conflictividade. - Ratio axeitado entre profesorado e alumnado	Alumnado	Non
Fortaleza	C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podo utilizar no meu traballo como docente. C5 O noso centro conta con asistencia técnica cando se orixinan problemas relacionados cas TIC. - Posibilidade de mellora no acceso a internet. - Imaxe de modernidade.	Infraestruturas	Si

Fortaleza	A4 No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais A3 Conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais PE2 O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros dos que formo parte -Incremento dos programas de innovación educativa. - Boa coordinación entre o profesorado debido ó reducido tamaño do claustro.	Organización de centro	Si
Fortaleza	B3 No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras Organizacións. D2 Teño acceso a posibilidades de Desenvolvemento Profesional Continuo en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías Dixitais. E1 Busco recursos educativos dixitais en internet. F1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. G1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado. -Relación cordial entre o profesorado -Claustro colaborativo coas iniciativas que se desenvolven no centro.	Persoal docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	- Duplicidade administrativa. - Excesiva burocracia xa que dependemos de dúas institucións.	Administración educativa	Non
Ameaza	- Obstáculos na contorna. - O noso centro non colabora con outros centros da zona.	Contorna	Non
Ameaza	A5 No noso centro non respectamos os dereitos de autor e non utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe. -Cambios lexislativos continuos que dificultan o desenvolvemento de plans a longo prazo.	Lexislación	Non
Ameaza	-Disminución da poboación académica.	Outras	Non
Oportunidade	PE3 As distintas modalidades formativas que organiza a Administración educativa axústanse ás necesidades formativas en competencia dixital -Uso das TIC co alumnado. Incremento da participación. - Proxección e perspectiva de expansión.	Administración educativa	Non
Oportunidade	-Boa relación co Concello.	Contorna	Non
Oportunidade	- Colaboración coa red de escolas asociadas da UNESCO. - Favorecer o contacto ca EOI.	Outras	Si

3.4. Análise

A análise DAFO ofrece unha visión de conxunto, e desde distintos puntos de vista, da situación do centro no referente ao uso e á dotación de equipamento dixital. A partir desta información, o equipo de dinamización do Plan Dixital seleccionou aqueles aspectos que estimaron prioritarios, en función de varios parámetros:

- Mellora do funcionamento do centro.
- Impacto na actividade docente.
- Viabilidade a curto/medio prazo.
- Posibilidade dunha avaliación obxectiva das medidas implantadas.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O1PD	Elaborar material didáctico e contidos dixitais na aula virtual
O2PD	Continuar coa actualización e mellora da páxina web do Centro
O3PD	Fomentar a formación do profesorado do centro para mellorar a súa competencia dixital

4.2. Datos do obxectivo O1PD

Código	Estado
O1PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - C3 O noso centro non ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise. C10 No noso centro non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen. C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos. -Infrautilización dos escasos recursos que existen nas aulas.

Fortaleza - Infraestruturas - C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que pode utilizar no meu traballo como docente. C5 O noso centro conta con asistencia técnica cando se orixinan problemas relacionados cas TIC. - Posibilidade de mellora no acceso a internet. - Imaxe de modernidade.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Creación de repositorios con materiais para os distintos niveis e ámbitos na Aula Virtual do centro.	12 Repositorios creados na Aula Virtual.	15 Repositorios creados na Aula Virtual				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Axuda e colaboración entre o profesorado no uso da aula virtual.	18/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado do centro	
Destinatario	Profesorado do centro.	

Revisión	Data	Arquivo
A parte do profesorado que ten un coñecemento e manexo avanzado da aula virtual atópase colaborando efectivamente para que o resto do claustro adquira un maior dominio no uso desta ferramenta.	16/12/2025	
A parte do profesorado que ten un coñecemento e manexo avanzado da aula virtual continúa colaborando efectivamente para que o resto do claustro adquira un maior dominio no uso desta ferramenta.	03/03/2026	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Creación dun espazo virtual para albergar os distintos recursos que se pretendan empregar.	18/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado do centro	
Destinatario	Profesorado do centro	

Revisión	Data	Arquivo
A aula virtual do centro está creada dende fai dous cursos e este curso engadíronse novas carpetas necesarias.	03/03/2026	
A aula virtual do centro está creada dende fai dous cursos. Engádense carpetas para albergar contidos de novos cursos e materias.	16/12/2025	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3: Deseño e creación de contidos dixitais para os diferentes niveis e ámbitos, dispoñibles no repositorio.	18/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado do centro	
Destinatario	Profesorado do centro	

Revisión	Data	Arquivo
Continúanse xerando e ampliando contidos das diversas materias da aula virtual	03/03/2026	
Engadidos novos recursos dixitais correspondentes a materiais empregados no curso 2025/2026.	16/12/2025	

4.3. Datos do obxectivo O2PD

Código	Estado
O2PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - C3 O noso centro non ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise. C10 No noso centro non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen. C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos. -Infrautilización dos escasos recursos que existen nas aulas.

Debilidade - Persoal docente - E3 Falta de utilización de ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos. E4 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro Educativo. F5 Non emprego as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado. F6 Non fomento a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. G5 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe G6 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros. -Priorizar ensinanzas por contidos. -A maioría do profesorado que participou no test CDD está no nivel A2, explorador, por debaixo da media de Galicia.

Fortaleza - Infraestruturas - C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podo utilizar no meu traballo como docente. C5 O noso centro conta con asistencia técnica cando se orixinan problemas relacionados cas TIC. - Posibilidade de mellora no acceso a internet. - Imaxe de modernidade.

Fortaleza - Organización de centro - A4 No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais A3 Conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais PE2 O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros dos que formo parte -Incremento dos programas de innovación educativa. -Boa coordinación entre o profesorado debido ó reducido tamaño do claustro.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de publicacións na páxina web actualizados	Un par de publicacións ó trimestre	Unha publicación ó mes				

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.1 Difundir a necesidade de facer suxestións para a mellora do deseño da páxina web	19/12/2025	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Comunidade educativo	

Revisión	Data	Arquivo
Continúase remarcando, nas CCP e no claustro, a importancia de actualizar periódicamente a páxina web do centro	03/03/2026	
Nas reunións de claustro e CCP recalouse a importancia de continuar mellorando o deseño e actualización da páxina web	16/12/2025	

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.2 Plantexar estratexias para o deseño colaborativo da páxina web	18/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Claustro	

Revisión	Data	Arquivo
Os membros do claustro continúan aportando ideas para mellorar a aparencia da páxina web, recordando a importancia de engadir as celebracións do centro	03/03/2026	
Todo o claustro aportou ideas para mellorar a aparencia da páxina web e actualizar os seus contidos	16/12/2025	

Acción	Data máxima	Temporalización
A02.3 Mellorar a aparencia da páxina web do centro actualizando os contidos	18/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Claustro de profesores	
Destinatario	Comunidade educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Continúanse engadindo novas publicacións na páxina web todos os meses, destacando os eventos que se están a realizar no centro	03/03/2026	
Continuouse renovando a aparencia da páxina web e realizáronse novas publicacións na mesma durante todos os meses	16/12/2025	

4.4. Datos do obxectivo O3PD

Código	Estado
O3PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital. B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais. -Aumento de factores que perxudican a participación no ámbito educativo.

Debilidade - Infraestruturas - C3 O noso centro non ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise. C10 No noso centro non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen. C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos. -Infrautilización dos escasos recursos que existen nas aulas.

Debilidade - Alumnado - C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso ás tecnoloxías de apoio. H1 No noso centro o alumnado non aprende a actuar con seguridade em internet. H3 No noso centro o alumnado non aprende a actuar de forma responsable en internet. H4 No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. H6 No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet H7 No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos Dixitais. H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais. H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar. H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais. FNAM Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais e a unha conexión estable de internet.

Fortaleza - Organización de centro - A4 No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais A3 Conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais PE2 O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros dos que formo parte -Incremento dos programas de innovación educativa. -Boa coordinación entre o profesorado debido ó reducido tamaño do claustro.

Fortaleza - Persoal docente - B3 No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras Organizacións. D2 Teño acceso a posibilidades de Desenvolvemento Profesional Continuo en materia de ensino e aprendizaxe com tecnoloxías Dixitais. E1 Busco recursos educativos dixitais en internet. F1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. G1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado. -Relación cordial entre o profesorado -Claustro colaborativo coas iniciativas que se desenvolven no centro.

Oportunidade - Outras - - Colaboración coa red de escolas asociadas da UNESCO. -Favorecer o contacto ca EOI.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de profesores que realizaron cursos de formación relacionados coa competencia dixital ao longo do curso 2025/26	0	5				

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1: Incentivar a formación específica do profesorado a través da suxestión de cursos	18/06/2026	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Coordinador PFPP	
Destinatario	Claustro	

Revisión	Data	Arquivo
Durante as CCP e claustros continuase destacando a importancia de realizar formacións. Estase a realizar unha PFPP de manexo da pantalla dixital.	03/03/2026	
Durante os claustros e CCP recordouse a importancia de realizar formacións e da necesidade de posuír un nivel B1 de competencia Dixital para os próximos sexenios. Realizouse a petición dunha PFPP para o claustro	16/12/2025	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

A persoa coordinadora do Plan Dixital do EPAPU de Teixeira, _____, revisará o cumprimento dos obxectivos e analizará como se van levando a cabo as accións dos mesmos, ou se estos presentan algunha incidencia, ao longo do curso académico 2025-2026.

5.2. Primeiro trimestre

A 17 de decembro de 2025 os obxectivos do plan dixital do noso centro e as accións dos mesmos atópanse como segue:

O1PD.-Elaborar material didáctico e contidos dixitais na aula virtual

AO1.1: Axuda e colaboración entre o profesorado no uso da aula virtual. **En proceso**

AO1.2: Creación dun espazo virtual para albergar os distintos recursos que se pretendan empregar. **Realizado**

AO1.3: Deseño e creación de contidos dixitais para os diferentes niveis e ámbitos, dispoñibles no repositorio. **En proceso**

O2PD.-Continuar coa actualización e mellora da páxina web do Centro

AO2.1 Difundir a necesidade de facer suxestións para a mellora do deseño da páxina web. **Realizado**

AO2.2 Plantexar estratexias para o deseño colaborativo da páxina web. **En proceso**

AO2.3 Mellorar a aparencia da páxina web do centro actualizando os contidos. **En proceso**

O3PD.-Fomentar a formación do profesorado do centro para mellorar a súa competencia dixital

AO3.1: Incentivar a formación específica do profesorado a través da suxestión de cursos. **En proceso**

5.3. Segundo trimestre

A 03 de marzo de 2026 os obxectivos do plan dixital do noso centro e as accións dos mesmos atópanse como segue:

O1PD.-Elaborar material didáctico e contidos dixitais na aula virtual

AO1.1: Axuda e colaboración entre o profesorado no uso da aula virtual. **En proceso**

AO1.2: Creación dun espazo virtual para albergar os distintos recursos que se pretendan empregar. **Realizado**

AO1.3: Deseño e creación de contidos dixitais para os diferentes niveis e ámbitos, dispoñibles no repositorio. **En proceso**

O2PD.-Continuar coa actualización e mellora da páxina web do Centro

AO2.1 Difundir a necesidade de facer suxestións para a mellora do deseño da páxina web. **Realizado**

AO2.2 Plantexar estratexias para o deseño colaborativo da páxina web. **Realizado**

AO2.3 Mellorar a aparencia da páxina web do centro actualizando os contidos. **En proceso**

O3PD.-Fomentar a formación do profesorado do centro para mellorar a súa competencia dixital

AO3.1: Incentivar a formación específica do profesorado a través da suxestión de cursos. **En proceso**

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

O Plan dixital terá que ser revisado anualmente para a valoración do logro dos obxectivos, incorporar as melloras desenvolvidas na fase anterior, e implementar novas liñas de actuación.

Tamén se farán reunións trimestrais onde se valorará o estado de consecucións dos obxectivos, posibles modificacións e propostas de mellora.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital publicarase na páxina web do centro, daráselle difusión no Claustro e colgarase na aula virtual do centro.

8. Outros datos

9. Anexos

borrador